



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a admisión da inscrición dunha embarcación na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico OURIZO, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra

Antecedentes

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aprobou os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG Núm. 246, de 27.12.2018). Pola disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, os plans de xestión de recursos específicos prorrogáronse ata o 31.12.2021.

2. O 19.02.2020 a confraría de pescadores de Fisterra, como representante do plan de xestión conxunto para o recurso específico Ourizo, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra (en adiante plan de xestión conxunto), solicitou adaptar unha serie de medidas neste plan, entre as que se atopaba non solicitar aumento de permex pero si cubrir as vacantes que se puideran producir.

Así, de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión e coa Resolución do 26.05.2020 desta xefatura territorial, pola que se adoptan determinadas medidas de adaptación, estableceuse un número máximo de 13 embarcacións e 38 mergulladores con habilitación. Trala finalización do proceso de renovación do 2019 deste recurso específico a flote nas entidades participantes no plan, o número de embarcacións coa modalidade no permiso de explotación autorizadas para participar era de 13 embarcacións e 36 habilitacións.

3. O 23.06.2020 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto.

4. O proceso de elaboración da lista indicada no punto anterior rematouse o 21.10.2020 mediante a Resolución desta xefatura territorial pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto, así como tamén determinou as embarcacións seleccionadas para a asignación das cotas de captura vacantes no plan de xestión conxunto. O 10.11.2020 esta

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



xeatura, resolveu adxudicar unha (1) cota de captura para mergullador a cada unha das seguintes embarcacións: JAVI 3ª CO-5-2029 e NUEVA GIRALDA 3ª CO-4-5-04.

5. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Ourizo (PE410A 2021/15-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra, establécese como número máximo de participantes para o trienio o de 13 embarcacións e 41 mergulladores habilitados. O plan de xestión establece que o número de participantes por entidade para o trienio será o seguinte:

- Confraría de pescadores de Corcubión: 3 embarcacións e 10 cotas
- Confraría de pescadores de Fisterra: 6 embarcacións e 19 cotas
- Confraría de pescadores de Lira: 4 embarcacións e 12 cotas

Unha vez finalizado o proceso de renovación do 2021 deste recurso específico nas entidades que participan no plan de xestión conxunto, o número de embarcacións coa modalidade no permiso de explotación autorizadas para participar é de 13 embarcacións e 38 habilitacións coa seguinte participación:

- Confraría de pescadores de Corcubión: 3 embarcacións e 9 cotas
- Confraría de pescadores de Fisterra: 6 embarcacións e 19 cotas
- Confraría de pescadores de Lira: 4 embarcacións e 10 cotas

6. O 03.03.2022 (entrada Núm. 2022/565518) a confraría de pescadores de Corcubión, remitiu un formulario PR004A mediante o que solicita que se lle dea prioridade a esta convocatoria de incremento de cotas, precisamente pola importancia que este asunto ten para que aquelas embarcacións que so teñen dous tripulantes podan acceder a unha terceira cota e así poder cumprir o plan de seguridade e traballar de forma autónoma.

7. O 07.04.2022 (entrada Núm. 2022/959812) a confraría de pescadores de Fisterra, entidade que ostenta a representación deste plan de xestión conxunto, solicita o inicio do proceso de incremento de cotas de conformidade co aprobado no plan de xestión, acompañando escrito das confrarías de pescadores de Corcubión e Lira.

8. O 03.06.2022, a persoa armadora da embarcación SEGUNDO BRISA CO-5-1-11 solicitou (Entrada Nº 2022/1478320) a súa actualización de méritos na lista confeccionada para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión, xa que tivo lugar a resolución de transmisión do permiso de explotación desta embarcación que figuraba inscrita na lista coa puntuación outorgada con base aos méritos da anterior persoa armadora (PE401E-2020-00229).



9. Por Resolución do 28.11.2022 desta xefatura territorial ditouse a publicación da admisión da inscrición da embarcación SEGUNDO BRISA CO-5-1-11 e a súa puntuación provisional na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión. Nesta resolución outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións á puntuación outorgada. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, a persoa interesada non presentou alegacións á puntuación provisional outorgada.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. A embarcación admitida está incluída no plan de xestión conxunto de ourizo das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra e cumpre os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico ourizo (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. O punto 7 do apartado A do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece:

"No suposto de embarcacións incluídas nas listas para o incremento do número de cotas cuxo permiso de explotación foi transmitido a outra persoa armadora, actualizaranse os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación."

5. A solicitude presentada valorouse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

6. A Resolución do 23.06.2020 desta xefatura territorial pola que se ditou a publicación e abriu un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes para a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto de ourizo das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra, establece no punto 2 do anexo A de bases da convocatoria:





"2. Proceso selectivo. Publicidade das listas

"A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e fará pública a lista no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A lista tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da/s entidade/s."

7. Cando o número de cotas existente sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión aprobado, poderase empregar a lista elaborada para ofertar as cotas dispoñibles ás embarcacións de acordo coa orde de prelación nela. A xefatura territorial comunicará ás persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista que poden beneficiarse do incremento de cotas e concederá un prazo de 15 días hábiles para presentar a correspondente documentación.

8. No caso de que unha embarcación seleccionada non acepte todas a/s cota/s ofertada/s, estas pasaran a ser ofertadas ás seguintes embarcacións da lista por orde de puntuación e no caso de que estas figuren empatadas, previamente á oferta de cotas o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

9. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso. As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, achegando a esta a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente pola xefatura territorial no primeiro cuatrimestre de cada ano.

10. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

11. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial



RESOLVE:

1. Admitir a inscrición da embarcación SEGUNDO BRISA CO-5-1-11 na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto de ourizo, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra.
2. Establecer a orde de prelación da embarcación SEGUNDO BRISA CO-5-1-11 na antedita lista, que ven determinada pola puntuación obtida tras a aplicación do baremo establecido pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo I).

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da Xefatura Comarcal de Ribeira e das confrarías de pescadores titulares do plan de xestión conxunto.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm, 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que no esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

Esta resolución notifícasele ás confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira, como entidades titulares do plan de xestión conxunto de ourizo, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
M^a José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



ANEXO I:

Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto de Ourizo das confrarías de pescadores de Lira, Corcubión e Fisterra

Confraría	Embarcación	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
Fisterra	MARIA JESÚS	3	3	CO-4	1493	0,00	2,00	3,00	5,00
Fisterra	FERNANDO	3	3	CO-4	1088	0,00	1,80	3,00	4,80
Fisterra	SALSEIRO	3	3	CO-4	1997	0,00	1,00	3,00	4,00
Fisterra	TINA	3	3	CO-5	1867	0,00	0,80	3,00	3,80
Fisterra	OUTEIRO	4	5	CO-5	2-98	0,00	0,60	3,00	3,60

Confraría	Embarcación	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
Corcubión	JAVI	4	4	CO-5	2029	0,00	2,00	3,00	5,00
Corcubión	SEGUNDO BRISA (*)	2	3	CO-5	1-11	0,00	0,00	3,00	3,00

(*) Puntuación outorgada trala actualización de méritos da nova persoa armadora da embarcación pola transmisión do permiso de explotación.

Confraría	Embarcación	Cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado conformidade)	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
Lira	NUEVA GIRALDA	3	3	CO-4	5-04	0,00	1,00	3,00	4,00
Lira	PEPITA CONSUELO	2	3	CO-4	617	0,00	0,80	3,00	3,80
Lira	BAJERIÑAS DE NYLON	2	3	CO-4	4-05	0,00	1,20	2,00	3,20



Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

